

CURSO

A ORIXE DO SÉCULO XXI

Transformacións da imaxe e o cine contemporáneos (1990-2010)

24 outubro 2013 – 24 abril 2014

José Manuel López Fernández (Vigo, 1974)

Licenciado en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo, e doutorando en Comunicación Audiovisual na Facultade de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

En 2004 funda a revista online de cine *Tren de sombras* e actualmente forma parte do consello de redacción de *Caimán Cuadernos de Cine* (anteriormente *Cahiers du cinéma. España*). Colabora tamén noutras revistas especializadas como *Secuencias*, *Blogs&Docs*, *Transit* ou *Nosferatu*, e con editoras de DVD como *Intermedio* ou *Cameo*.

En 2011 e 2012 colabora como dialoguista na cuarta e quinta tempada de *Matalobos*, a serie que a produtora VOZ AUDIOVISUAL desenvolve para a TVG.

Dende o ano 2012 colabora co MARCO de Vigo como docente de cursos de cine. Impartiu charlas, talleres ou conferencias no CGAI, Centro Galego de Artes da Imaxe (A Coruña), a Facultade de Comunicación Audiovisual (Universidade de Vigo), a Casa das Campás (Pontevedra), a SEMINCI (Festival de Cine de Valladolid), o Festival de Cine Español de Málaga ou o CAS (Centro de las Artes de Sevilla).

En 2008 edita o libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral* para o Festival Internacional de Cine de Las Palmas de Gran Canaria. Participou ademais nos libros colectivos *La trilogía de Apu* de Satyajit Ray (Universidad de Las Palmas), *Elegías íntimas. El cine visto por los cineastas* (Documenta Madrid), *La Risa Oblicua. Tangentes, paralelismos e intersecciones entre documental y humor* (Documenta Madrid) ou *Un extraño entre nosotros. Las aventuras y utopías de José Luis Borau* (Filmoteca de Extremadura).